

# UGT NON ASINA O V CONVENIO ESTATAL DE MENORES

Santiago de Compostela 23/09/24

UGT Públicos non asinou o V Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores asinado por todas as patronais do sector e CCOO. UGT non asinou por moitas razóns, sendo a principal a precariedade económica á que se condena a millares de persoas traballadoras do sector, podendo producirse, en moitos casos, conxelación salarial ata setembro de 2029 se non saen os novos pregos antes, deixando os asinantes o pago das subidas en mans dun terceiro que pode decidir pagalo ou non.

**Non podemos condenar as persoas traballadoras ata 4 anos máis de precariedade.** Os asinantes non recoñeceron neste convenio ningunha das principais demandas de UGT:

- ✓ A equiparación de Protección e Reforma ao inicio do convenio (que a patronal había chegado a propoñer ao principio). En lugar diso, **haberá que esperar ata 2029 para que haxa unha equiparación que din será do 100% neste ano**, aínda que non é certo, pois a creación dun novo complemento de reforma do 5% fará que siga mantendo esa diferenza
- ✓ As subidas salariais: 3% en 2026 e 2027, 3,50% en 2028 (as patronais aceptaron que en 2028 poderían subir outro 0,25% a cambio de non ampliar a lactación acumulada a 15 días hábiles) e 4% en 2029 non se aplican a todas as persoas traballadoras, **aquelas persoas traballadoras ás que aínda lles falta moito para que se renoven os acordos coas administracións TERÁN CONXELACIÓN SALARIAL TOTAL**, algúns incluso ata o 1 de outubro de 2029. E ninguén lles compensará porque **as patronais negáronse a establecer unha paga compensatoria demandada por UGT a abonar cos novos pregos.**

Ademais, **NÉGANSE A CALQUERA OUTRA MELLORA**, en canto a:

- ✚ Plus de **nocturnidade**: **néganse** a mellorar o 10% real.
- ✚ Plus de **quendas**: **néganse** a incluílo no convenio, as persoas traballadoras fan quendas gratis.
- ✚ Plus de **festividade**: **só aceptan retribuír cun 20% os festivos especiais**, pero no resto negáronse a ningún tipo de subida mantendo un insuficiente 10%.
- ✚ **Antigüidade**: Súbense 3 euros e 76 céntimos. **Moi lonxe da petición da parte sindical.**
- ✚ Plus de **insularidade**: **néganse, só se pagará se o queren pagar as administracións públicas.**
- ✚ **Dietas**: 80 euros aloxamento, contía **insuficiente hoxe é non digamos en 2028/ 2029.**
- ✚ **Xornada**: **néganse** a reducir a 37,5 h, e a calquera mellora en **vacacións, licenzas, nin descanso retribuído en xornadas de máis de seis horas,**
- ✚ **Prevenición de riscos laborais**: **néganse** a calquera avance.

E un longo etcétera de negativas que deberían rexeitarse por calquera sindicato.

**UGT non asina nin será cómplice da condena á precariedade dos miles de persoas traballadoras que desempeñan a súa actividade nun sector especialmente sensible e coas condicións laborais que deberían responder a inmensa labor que realizan.**

